



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO DE EDUCACIÓN
ESPECIAL TERRA DE FERROL

CEE Terra de Ferrol
Rúa Irmandade de doadores de sangue de Ferrolterra s/n
15405 Ferrol
Tfno: 881930187/Fax: 881930203
cee.terra.ferrol@edu.xunta.gal

MEMORIA FINAL

CURSO ESCOLAR 2023/2024

CEE TERRA DE FERROL

ÍNDICE

- INTRODUCCIÓN

1. OBXECTIVOS DA PXA E GRADO DE CUMPRIMENTO DOS MESMOS

2. ESTRUTURACIÓN PEDAGÓXICA DO ALUMNADO

3. PERSOAL DOCENTE

4. PERSOAL NON DOCENTE

5. MEMORIAS DAS ETAPAS EDUCATIVAS

5.1 NIVEL I

5.2 NIVEL II

5.3 FPB

6. MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

7. MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA

8. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

9. MEMORIA DAS COORDINACIÓNS, DINAMIZACIÓNS E PROGRAMAS

9.1 BIBLIOTECA ESCOLAR

9.2 EDLG

9.3 TICS

9.4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

9.5 PFPP

10. MEMORIA DOS PROXECTOS

10.1 PROGRAMA VOZ NATURA

10.2 PROGRAMA CP – INCLÚE, LIÑA EMOCIONA -T

10.3 PROGRAMA CP – INNOVA, LIÑA EDU – SAÚDE

11. MEMORIAS DOS EQUIPOS MULTIDISCIPLINARES

11.1 DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA

11.2 DEPARTAMENTO DE ENFERMERÍA

11.3 DEPARTAMENTO DE FISIOTERAPIA

11.4 INTERNADO

12. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA

13. RECURSOS, ESPAZOS E INSTALACIÓNS

14. ANEXOS

Anexo 1 – Memoria da PFPP

Anexo 2 – Memoria CP Inclúe. Emociona -T

- INTRODUCCIÓN

A memoria final é un documento que, partindo da avaliación de todos os elementos integrantes da Comunidade Educativa, recolle o grado de cumprimento da Programación Xeral Anual e fixa propostas encamiñadas a mellorar a organización e o funcionamento do centro.

Este documento funciona como instrumento de reflexión e avaliación fundamental co que se pretende favorecer a calidade educativa de todo o proceso de ensinanza - aprendizaxe e posibilita, coas súas conclusións, o inicio da planificación do curso seguinte.

Como diferenza significativa nesta memoria, con respecto aos cursos pasados, sinalamos a presenza dun mestre especialista en EF, funcións que ata ao momento desempeñaba un docente de Pedagogía Terapéutica. De cara ao vindeiro curso solicitamos, tamén, a figura dun especialista en educación Musical.

Tamén debemos resaltar que a Dirección xeral de Cohesión e Fondos Europeos autorizou a operación Atención á diversidade e garantía da equidade educativa para este curso co que se permitiu financiar, con cargo ao Programa FSE+ Galicia 21-27, os custos de persoal dos docentes coas especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe así como gastos de funcionamento asociados á atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

1. OBXECTIVOS DA PXA E GRADO DE CUMPRIMENTO DOS MESMOS

Tendo en conta os **obxectivos expostos na PXA**, faremos unha reflexión sobre o seu grado de cumprimento:

- Neste curso actualizáronse as **Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia** e o **Proxecto Lingüístico**, quedando pendente para o vindeiro o **Proxecto Educativo e o Plan de Convivencia**.
- En canto a **relación coas familias, titores/as legais e centros externos** habilitouse a aplicación **ABALAR** coa finalidade de que poidan consultar os posibles avisos e/ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo, por exemplo, acceder aos datos persoais, consultar as cualificacións, consultar e xustificar

as faltas de asistencia, solicitar unha cita de titoría,... Contamos que cara o curso que ven todas as notificacións centro/profesorado – familias/titores legais/centros externos, se fagan mediante esta vía.

- Con respecto as **coordinacións e comunicacións** docentes destacamos a necesidade de realizar un **maior número de reunións trimestrais** coa intención de mellorar o funcionamento e organización do centro.
- En relación cos obxectivos que se refiren a **educación integral** do alumnado nos diferentes ámbitos da vida diaria e ao **emprego das metodoloxías baseadas na aprendizaxe**, destacar que neste sentido non se empregaron axeitadamente os recursos existentes no centro como favorecedores dos mesmos: **Apartamento, Merca Terra, Biblioteca, Aula Maker**.
- Acerca da adxudicación de **recursos informáticos** comentar que este curso contamos coa dotación de **10 paneis interactivos e varios ordenadores**.
- Por último, e en referencia ao obxectivo de respectar a **lexislación vixente**, destacar que pola nosa parte sempre fixemos o posible por facelo pero tendo en conta as NEAE que presenta o noso alumnado esta labor resulta moi complexa. Sería preciso contar cunha **lexislación propia** que facilitase esta labor tendo en conta, ademais, os posibles cambios que se poidan levar a cabo en canto a presentación das programacións de aula/adaptacións curriculares.

2. ESTRUTURACIÓN PEDAGÓXICA DO ALUMNADO

Ao finalizar o presente curso contamos cun total de 62 alumnos/as, posto que tivemos algunha incorporación e algunha baixa, dos cales 43 son externos e 19 son internos. Este alumando estivo distribuído da seguinte forma:

NIVEL I: 6 AULAS – 25 ALUMNOS/AS – 4 ESCOLARIZACIÓNS COMBINADAS

NIVEL II: 6 AULAS – 27 ALUMNOS/AS – 1 ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

PFPB: 2 AULAS – 10 ALUMNOS/AS

Tendo en conta as consideracións derivadas das xornadas de avaliación, de cara ao vindeiro curso temos prevista unha modificación dos niveis e o cambio de alumnado dunha aula para outra sempre que sexa posible, posto que dependemos das incorporacións que vaian xurdindo nestes días.

3. PERSOAL DOCENTE

Este curso o claustro estivo formado por 23 membros: 15 PT, 1 mestre de E.F. e Psicomotricidade (afín a PT), 4 AL, 2 profesoras de PFPB e 1 orientador. Ademais contamos cunha mestra de Relixión Católica itinerante, que acudía ao nos centro os xoves.

En relación cos membros do claustro destacamos que no caso do profesorado de AL rematamos o curso con 3 mestres/as substitutos.

4. PERSOAL NON DOCENTE

O cadro de persoal non docente do CEE Terra de Ferrol é de 68 traballadores e traballadoras e 4 de persoal funcionario que realiza funcións profesionais segundo a categoría correspondente, dentro da súa xornada. Todo este persoal está baixo a supervisión da Dirección do centro educativo.

PERSOAL FUNCIONARIO

- Contamos con 2 conserxes, en horario de mañá. Tendo en conta que o noso centro conta con internado, pódese valorar a posibilidade de facer dous horarios, un de mañá e outro de tarde. Tamén destacamos que cada membro debe centrarse nas súas funcións, sen interferir no traballo dos demais colectivos nin deixar que interfiran no seu.

- Un Xefe Administrativo, un Auxiliar Administrativo.

PERSOAL ATENCIÓN DIRECTA

- Dous Adxuntos Taller. Como proposta de mellora expoñen a posibilidade de priorizar a participación nos talleres do alumnado con habilidade e capacidade de participación nos mesmos. Partiremos dunha reunión previa con este persoal para a realización dos horarios do vindeiro curso

- Catro Educadores. Sería necesario contar cunha figura de coordinador deste persoal para que non tivera que facer esas funcións un deles, coas mesmas condicións laborais que o resto de compañeiros. Ademais e posto que o internado funciona maiormente pola tarde, precisase a súa presenza mais nesta xornada (de 14:30 a 22:00) que pola mañá.
- Vinte e tres Coidadores (17 diúrnos e 6 nocturnos). Cada un destes membros debe centrarse unicamente nas súas funcións, sen interferir no traballo dos demais colectivos nin deixar que interfiran no seu.

PERSOAL SOCIO-SANITARIO

- Unha Psicóloga. Das súas funcións resaltamos a intervención directa co alumnado que o precise sempre en coordinación co profesorado e co Departamento de Orientación.
- Dúas Enfermeiras e un Auxiliar de enfermería. Dende hai uns cursos non contamos con persoal médico nin de psiquiatría, polo que as funcións deste departamento recaen nesa figura. Ao ter internado, os horarios deste persoal deben contemplar unhas quendas que abranguen dende as 8:00 da maña ata as 22:00, sendo razoable que en cada quenda (mañá ou tarde) estea a figura dun enfermeiro/a.
- Dous Fisioterapeutas. Ao comezo do curso faremos unha reunión para avaliar ao alumando susceptible de atención por parte deste colectivo, contando sempre coa súa opinión ao respecto.

PERSOAL MANTEMENTO

- Un Oficial de mantemento

PERSOAL COCIÑA

- Un Gobernante, 2 Cociñeiros/as, 5 axudantes cociña. Cada curso será necesario facer unha revisión dos menús, realizando as adaptacións correspondentes ante posibles alerxias, intolerancias, dietas. Priorizaremos a compra de produto fresco e de calidade. Tamén seguiremos potenciando a necesidade de facer dúas xornadas de comedor, posto que se traballan funcións necesarias para a vida diaria.

PERSOAL DOMÉSTICO

- Un Gobernante, 7 limpeza, 1 camareira limpadora, 1 lavandería pasar o ferro, 1 costureira.

PERSOAL SEGURIDADE

- Un Garda Seguridade Diúrno (Empresa de vixilancia). Deberá adecuar as súas funcións ao posto de traballo nun centro educativos. Ademais recalcaremos a necesidade de que cada colectivos debe centrarse unicamente nas súas funcións, sen interferir no traballo dos demais nin deixar que interfiran no seu.

- Un Vixiante Nocturno (Subalterno)

5. MEMORIAS DAS ETAPAS EDUCATIVAS

5.1 NIVEL I

Durante o curso 23/24 o Nivel I estivo formado por seis mestres/as titores/as, dous especialistas en Audición e Linguaxe e a mestra de Estimulación Multisensorial :

- Juan Jesús Arias Miño (substituído por María García Tarín, substituída por David Losada Martínez)

- Verónica Castrillón Freijeiro

- Isabel Castro Sánchez

- Estrela Cerneira Montes,

- Noelia López Bolón (substituta de Lorena Velasco De Vena)

- Rocío López Villarrea,

- Myriam Malvar Lema (substituída por Lara Paredes Castro)

- Valentín Marcos Barros

- Verónica Martínez Peteiro

Neste nivel estiveron escolarizados un total de 26 alumnos/as, dos que 4 están escolarizados na modalidade de ensinanza compartida e 1 en atención domiciliaria, distribuídos en seis aulas, e organizadas en dous corredores .

RESUMO DAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO

Ao longo deste curso a totalidade do alumnado recibe sesións nas aulas de Estimulación Multisensorial, Psicomotricidade e Audición e Linguaxe. A maioría fixo uso do Vaso Terapéutico (os poucos alumnos que non asistiron foi por cuestións médicas derivadas das súas patoloxías).

A realización do recreo é entre as 11:00 e 11:30 e distribuído por corredores. No mes de novembro comezan "os recreos na biblio", nos que un pequeno grupo de alumnos/as van a biblioteca a facer xogos, actividades... cada 15 días

O xantar lectivo ten lugar entre as 13:00 e 13:45.

O longo do curso realizáronse diferentes tipos de actividades e saídas, as que asistiron a totalidade do alumnado cando se realizaron dentro do centro e un grupo menor cando foron fora co fin de adaptarse o nivel das actividades.

1º TRIMESTRE

- x 24 de outubro- "Música a flor de pel", cunha sesión de percuterapia
- x 26 de outubro- Magosto e Samaín, participando o alumnado cos seus correspondentes disfraces, en diferentes obradoiros e na posterior degustación de castañas.
- x 3 de novembro- Contos na Lareira ,na biblioteca
- x 24 de novembro- Contos na Lareira
- x 15 de decembro- Día da discapacidade, conto e mural coas bolboretas
- x 20 de decembro- Festival de nadal
- x 21 de decembro- Contos na lareira
- x O longo do mes de decembro realizamos as postais para o concurso de postais do cole e que o mesmo tempo serven como adorno da árbore de Nadal

2º TRIMESTRE

- x 30 de xaneiro- Día da paz: Posta en común o tarro das palabras .Degustación chocolate con churros. Nos días previos fixemos a actividade de "sementes pola paz", realizamos a decoración de sandías con palabras relacionadas coa paz formadas por sementes

- x Do 2 o 8 de febreiro Entroido "Olimpiaterra": retos, disfraces, desfile
- x 15 de febreiro- Saída o cine
- x 27 de febreiro- Visita alumnos/as CIFP Rodolfo Ucha
- x 29 de febreiro- Conto inclusivo "Mimo", actividade realizada pola ANPA
- x Do 4 o 7- Actividades da semana da prensa: cadros, nomes, papiroflexía, decoración papel continuo
- x 5 de marzo- Actuación "Maga Fani"
- x 8 de marzo- Actividade día da muller: cousas de nenos, cousas de nenas.
- x 21 de marzo- Plantamos un papel que contén sementes despois de escribir nel unha palabra

3º TRIMESTRE

- x 22 de abril- Comezan pistas día do libro co fin de descubrir cal é o título do libro escondido.
- x 24 de abril- Saída o teatro Jofre
- x 26 de abril- Saída a Afundación
- x 29 de abril- Conto do día do libro
- x 3 de maio- Saída os maios "Ferrol de flores cuberto"
- x 6 de maio- Correlingua
- x 7 de maio- Comezo da actividade cos cans o longo do mes ,un día a semana
- x 10 de maio- Obra de teatro sobre o acoso representada polos alumnos de PFB
- x Do 13 O 16 de maio- Actividades para celebrar os maios e as letras galegas dedicadas este ano a Lúisa Villalta: realización de fichas, Mini - Maios, iniciais en resina con flores, completar unha árbore.
- x 6 de xuño- Actuación do coro do CEIP Ponte de Xuvia
- x 12 de xuño- Saída educativa a Fraga máxica de San Sadurniño
- x 19 de xuño- Festa de convivencia organizada conxuntamente coa ANPA
- x 20 de xuño- Festa fin de curso con xogos, baile...

COORDINACIÓN

Para poder levar a cabo todas estas accións, foi necesaria a coordinación dos membros do nivel, que se realizou de xeito mensual ao longo do curso. Foi moi importante a labor dos distintos equipos docentes na elaboración, proposta e realización das actividades complementarias.

É importante destacar o bo funcionamento dos apoios realizados por parte de distintos mestres, sería moi importante a súa continuidade no vindeiro curso.

PROPOSTAS DE MELLORA

Cara o vindeiro curso sería importante aumentar o horario de realización de actividades de tipo individual (talleres, actividades da semana da prensa, maíos...), dado que en xeral, o noso alumnado necesita axuda individual para a realización destas, polo que o tempo programado queda escaso.

5.2 NIVEL II

O nivel II está conformado por un total de 6 aulas diferentes. Ao longo do curso, levamos a cabo as correspondentes coordinacións e xuntanzas presenciais, para favorecer a comunicación, o traballo en equipo e a coordinación dentro do nivel e internivel, así como para abordar diversos aspectos pedagóxicos relativos á organización do curso.

ACTIVIDADES:

- x Participación no proxecto Voz Natura, coa realización de actividades co alumnado de xardinaría (plantación de sementes, alimentación das galiñas, coidado das plantas...).
- x Celebración de festividades (Samaín, Nadal, Entroido...) e das correspondentes conmemoracións (Día internacional contra a violencia de xénero, Semana do libro, Semana das letras galegas...).
- x Participación en actividades extraescolares e complementarias (saídas ao teatro, a museos, ao supermercado...).

- x Renovación da Aula Maker do centro escolar e dotación de novos materiais e recursos.
- x Participación no contrato programa *CP – INCLÚE, liña Emociona -t*, coa realización de numerosas actividades a nivel de aula, nivel e centro como, por exemplo, a intervención asistida con cans.
- x Participación no contrato programa *CP – INNOVA, liña EDU – Saúde*, coa realización de numerosas actividades a nivel de aula, nivel e centro.
- x Participación de diversos docentes do Nivel II no PFPP do centro escolar, especialmente nas liñas formativas de Polos Creativos, espazos de aprendizaxe e actualización da páxina web.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Revisar as sesións do alumnado nas diferentes especialidades (AL, talleres, vaso terapéutico...).
- Controlar a ausencia puntual de coidadores nos corredores.
- Priorizar as substitucións do profesorado ao repartir ao alumnado polas aulas, dependendo sempre da diversidade.
- Planificar máis actividades fóra do centro educativo, adaptadas ás necesidades e ao nivel do alumnado.
- Realizar máis materiais didácticos adaptados e fomentar a coordinación dos mesmos entre as aulas.
- Continuar mellorando os ambientes de aprendizaxe (patios, aulas...), tanto nos espazos de traballo como de lecer dos estudantes.
- Favorecer a coordinación dentro do nivel e entre niveis, mediante máis xuntanzas formais e a través dunha maior interacción coas persoas integrantes dos diferentes equipos.
- Fixar no calendario, ao inicio de cada mes, as reunións de claustros, equipos, coordinacións..., para favorecer a temporalización e unha maior planificación e coordinación.
- Aumentar as liñas do PFPP do centro escolar, axustando as mesmas á diversidade do alumnado do Nivel II e ao interese do seu profesorado.

- Realizar apoios funcionais coa colaboración do profesorado do Nivel I, que permita o desdobre de aulas e o traballo en diversos espazos do centro escolar (Aula Mker, Aula de Valores, Merca Terra, ...) diferentes á aula ordinaria.

5.3 FPB

- **Aula do Programa Formativo de Xardinería e Viveirismo con 6 alumnos/as.**
- **Aula do Programa Formativo de Cociña e Restauración con 4 alumnos/as.**

Os principais obxectivos dos programas formativos para o alumnado son mellorar a súas competencias e a súa capacidade para resolver problemas sinxelos no ámbito da súa vida cotiá e da contorno profesional, mellorar a súa autoestima para ser mais independentes e funcionais no seu día a día, polo que o carácter mais práctico dos programas favorece o cumprimento destes obxectivos.

ACTIVIDADES

- x O alumnado participou nas actividades propias de cada programa, así como colaborou en tódalas actividades do centro ao longo do curso, tanto nas actividades complementarias como nas actividades extraescolares que eran de proveito para eles.
- x Apoio educativo de Audición e Linguaxe a varios alumnos dos programas formativos.
- x Os dous programas formativos participaron no Campionato Galego de Formación Profesional Galicia Skills 23, celebrado en Silleda no mes de outubro. O programa formativo de Restauración por segundo ano participou no concurso de Baristas para Centros de Educación Especial, celebrado no Pazo de Goiáns de Boiro no mes maio. Durante o curso, os dous programas formativos colaboraron no Proxecto Voz Natura, como se ven facendo en cursos anteriores .
- x Durante o curso leváronse a cabo reunións polo equipo docente dos programas formativos; presentación das programas ás familias, avaliacións, seguimento e incidencias co alumnado, planificación das actividades, etc.

- x No último trimestre realizouse a Formación en Centros de Traballo de cada un dos programas formativos, acadando unha valoración positiva en ámbolos dous casos.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Respetar unha normativa común co conxunto do alumnado, no que fai referencia ao uso de dispositivos na aula e uso de redes sociais responsable.
- Combinar a docencia dos módulos comúns coas prácticas dos programas formativos para o seu mellor aproveitamento.
- Mellora nas instalacións das aulas taller dos programas formativos, a aula- taller de restauración necesita melloras con respecto a eficiencia enerxética, de hixiene, e modernización de espazos.

6. MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

No curso escolar 2023/24 os/as **catro mestres/as de AL (Audición e Linguaxe)** atenderon a **48 alumnos/as**. Os **criterios de selección do alumnado** foron:

- Continuar cos apoios do curso pasado (salvo excepcións consensuadas polos especialistas de Audición e Linguaxe).
- Dar apoio ao alumnado que recibe apoio logopédico externo (Fondo Social Europeo).
- Dar apoio ao alumnado de máis curta idade cronolóxica para tentar favorecer o seu desenvolvemento comunicativo-lingüístico.

As **avaliacións iniciais** serviron para determinar as **necesidades** do alumnado na área da comunicación e da linguaxe.

A partir da análise de necesidades establecéronse os obxectivos dos **programas de intervención individualizados**. Ademais destes programas de intervención individuais (**intervención directa**), os/as mestres/as de Audición e Linguaxe proporcionaron asesoramiento e pautas aos/as titores/as e a ás familias do seu alumnado (**intervención indirecta**). A **coordinación con recursos externos (exemplo: gabinetes de logopedia)** tamén foi importante para a melloría do noso alumnado.

En liñas xerais a intervención centrouse en traballar (a nivel comprensivo e expresivo): **aspectos previos** (atención, memoria ...), **bases anatómicas e funcionais, fonética e fonoloxía, morfosintaxis, léxico, pragmática, lecto-escritura** e o emprego de **SAAC (Sistemas Alternativos e Aumentativos ou Complementarios de Comunicación)**.

As **sesións** co alumnado foron **individuais** e a **temporalización** dependeu das **características de cada caso**.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Continuar coas tarefas de coordinación con recursos externos (gabinetes de logopedia ...)
- Continuar coa formación en SAAC (Sistemas Alternativos e Aumentativos ou Complementarios de Comunicación).
- Seguir colgando contido na páxina web do centro.
- Ademais de elaborar os programas de intervención de AL (tras as avaliacións iniciais) e de elaborar os informes finais de AL, é importante facer un seguimento dos programas de intervención de AL (resumo das liñas de actuación en cada caso).

7. MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A área de EF tivo como finalidade principal a competencia motriz do alumnado, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que lles permita superar os diferentes problemas motrices propostos. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas.

Para a organización do alumnado tivemos en conta as características dos grupos e do alumnado, asistindo a estas sesións 12 aulas con alumnado con diferentes características a nivel grupal e individual. Por isto, os obxectivos desta área foron formulados con dúas programacións diferentes:

- PROGRAMACIÓN I: centrada na estimulación dos sentidos a través das sensacións e as relacións entre o corpo e a contorna, cultivando a capacidade perceptiva mediante o coñecemento dos movementos e das súas respostas corporais. Esta programación estivo centrada no alumnado do Nivel I principalmente, aínda que tendo en conta as características individuais, tamén a realizou algún alumnado do Nivel II.

- PROGRAMACIÓN II: na que o alumnado explorou o seu potencial motor á vez que desenvolvía todas as súas capacidades motrices, mobilizando toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitiron adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

ACTIVIDADES

Nas sesións de EF e/ou Psicomotricidade traballamos diferentes aspectos co fin de mellorar a eficacia e eficiencia motora, sempre empregando o xogo como ferramenta principal e elemento motivados. Algúns dos aspectos traballados foron:

- x Esquema corporal
- x Lateralidade
- x Coordinación e equilibrio
- x Multicircuitos
- x Movilidade articular
- x Relaxación
- x Saltos e xiros
- x Iniciación/Predeportes: fútbol, baloncesto, tiro con arco, bádminton,...
- x Xogos tradicionais: brilé, as pillas, pomba negra/pomba branca,...
- x Bailes

PROPOSTAS DE MELLORA

- Cara o vindeiro curso será necesario diferenciar entre as sesións de psicomotricidade e de EF, empregando as diferentes estancias preparadas para as mesmas.

- Empregar a pista polideportiva sempre que sexa posible, posto que funciona como un espazo de esparexemento .

- Merca de material específico desta área, tanto para a aula de Psicomotricidade como de EF.

8. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Esta memoria foi elaborada a partir do establecido no Plan de Orientación, empregando os procedementos e instrumentos previamente determinados e recollendo as valoracións dos membros da comunidade educativa implicados, co obxecto de constatar a idoneidade e adecuación das actuacións desenvolvidas e os aspectos sobre os que será necesario incidir no curso próximo.

Fundaméntase na avaliación do cumprimento dos obxectivos e desenvolvemento das actuacións previstas a nivel xeral e na dos programas que o integran.

- x Desenvolvemento das capacidades do alumnado, na súa personalidade e preparamos para a súa incorporación e participación na vida social e laboral efectiva na sociedade.
- x Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado partindo da transversalidade de aprendizaxes para un fin común.
- x Diseñar respostas educativas para a diversidade do alumnado. Priorizando as aprendizaxes prácticas e funcionais e potenciando ao máximo o desenvolvemento da autonomía, da autoestima e do autoconcepto.
- x Rentabilizar os recursos existentes no centro.
- x Establecer criterios pedagóxicos que orienten a adopción de decisións respecto do alumnado con necesidades educativas especiais, aproveitando as circunstancias que permitan o traballo conxunto e a intervención o máis axustada posible.
- x Facilitar aos titores e as familias información sobre o seguimento do alumnado.
- x Tramitar as becas NEAE.
- x Colaborar co equipo directivo nas decisións sobre as escolarizacións.
- x Comunicación ao profesorado da información relacionada coa nova lexislación e novidades que vaian xurdindo e que teñan incidencia no proceso e/a.
- x Apertura dos protocolos correspondentes.
- x Comunicación e coordinación co EOE en relación a todos os casos que sexa preciso.
- x Coordinación co equipo multidisciplinar en todas as intervencións que o necesiten.

x Coordinación co profesorado e DO doutros centros cos que temos alumnos/as en escolarización combinada.

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO

Como propostas de mellora para o próximo curso 24/25 destacamos as seguintes .

- Continuar traballando en equipo cos diferentes departamentos do centro.
- Afondar nas situacións de condutas que poden ser contrarias á convivencia en colaboración co mestre/a titor/a e a coordinadora de benestar e convivencia do centro.
- Colaborar na elaboración e revisión dos documentos do centro que precisan dunha actualización urxente.
- Seguir traballando como fonte de información para ás familias e para todas as novas incorporacións que pasarán a formar parte da comunidade educativa.
- Sistematizar, reforzar e impulsar as reunións periódicas de coordinación cos diferentes titores e demais colectivos do centro.
- Contactar cos orientadores doutros centros educativos, principalmente cos dos CPI e IES, para trasladarlles a oferta educativa do noso centro en canto aos Programas Formativos Básicos dos que dispoñemos. "Restauración e Cociña" "Xardinaría e Viveirismo".

9. MEMORIA DAS COORDINACIÓNS, DINAMIZACIÓNS E PROGRAMAS

9.1 BIBLIOTECA ESCOLAR

Entendemos e concibimos a Biblioteca Escolar como un espazo de aprendizaxe e un recurso básico e necesario nun centro educativo, no que se organicen recursos para a aprendizaxe, o enriquecemento persoal e comunitario, o ocio e a creatividade. A realidade sociocultural do noso alumnado, as escasas infraestruturas culturais dispoñibles e as limitadas oportunidades de acceso á información por medios tecnolóxicos, fan do centro educativo o principal centro de recursos. Dispor dunha biblioteca cunha dotación rica e axeitada, aberta a toda a comunidade educativa, é un dos camiños para salvar as desigualdades do noso alumnado.

ACTIVIDADES

A continuación describiremos brevemente as actividades desenvolvidas durante o curso 2022-2023:

A) EN RELACIÓN COA XESTIÓN TÉCNICA - Constitución do Equipo da biblioteca.

- Elaboración do Plan Anual de Lectura e do horario da biblioteca.
- Reunións os luns para planificar o traballo e poder reunirnos todo o equipo xunto.
- Selección do mobiliario, equipamento e fondos para mercar.
- Catalogación e purga.
- Organización das diferentes actividades e festexos.
- Manter ao claustro informado nas diversas reunións.
- Mantemento do blog.
- Organización dos recursos e recunchos da biblioteca, sinalización con pictogramas.
- Asistencia ás formacións e xornadas de biblioteca

B) EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA, A EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA DA INFORMACIÓN E OUTRAS.

Neste curso empregouse a biblioteca como un eixe das actividades de centro. Seguimos realizando actividades grupais e compartindo momentos e festexos fomentando o gusto polos libros. Dende a biblioteca e, en coordinación e colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coas diferentes aulas, organizamos e/ou participamos nas seguintes actividades e datas sinaladas:

1º TRIMESTRE

- x Samaín
- x 25N
- x Contos da lareira
- x Día da Biblioteca
- x Día da Discapacidade
- x Nadal

2º TRIMESTRE:

- x Día escolar da Non Violencia e da Paz
- x Entroido: Olimpiaterra
- x 8M
- x Semana da Prensa
- x Lectura do conto MIMO por parte de membros da ANPA

3º TRIMESTRE:

- x Día Internacional do Libro
- x A Semana dos Maios (incluíndo aquí a celebración dos Maios e das Letras Galegas)

Colaboramos co equipo de dinamización de lingua galega para a celebración da meirande parte das actividades. Así mesmo, e xa para finalizar, no noso centro empregamos a biblioteca como espazo para a realización de múltiples actividades relacionadas coa cultura, a lectura e o lecer. As distintas aulas acoden a biblioteca a desfrutar dos materiais que hai nos recunchos da biblioteca: robótica, construción, lectura...

Tendo en conta o traballo levado a cabo este curso, a avaliación realizada e as necesidades da nosa biblioteca, centro e comunidade educativa, marcamos as seguintes previsión de futuro:

- Continuar no Plan de mellora de bibliotecas escolares.
- Poñer en funcionamento as mochilas viaxeiras.
- Aumentar a implicación das familias, conseguir que se animen máis para a lectura de contos na biblioteca.
- Continuar co servizo de préstamos de libros para o noso alumnado.
- Continuar coa actividade dos recreos na biblio.
- Realizar exposicións temáticas de diversos proxectos que se leven a cabo no centro.
- Aumentar os nosos fondos bibliográficos con materiais adecuados para o noso alumnado.

- Dinamizar o recuncho creativo da nosa biblioteca realizando talleres para o noso alumnado de xeito continuado, baixo o proxecto argallamos
- Expurgar e catalogar os fondos da biblioteca de mestres.
- Continuar divulgando as actividades da biblioteca co blog.
- Realizar máis actividades de formación de usuarios.
- Continuar coa realización de obradoiros.
- tamén sería preciso mercar un deshumidificador e un lector de código de barras.

9.2 EDLG

As actividades levadas a cabo durante este curso están tamén recollidas no proxecto realizado ao comezo do mesmo, tendo en conta as conmemoracións establecidas no calendario escolar, celebrando desta forma:

- x Día da Paz
- x Día Internacional da Muller
- x Día do libro
- x Semana das letras Galegas
- x Día internacional contra a violencia de xénero

Por outra banda, a maiores destas conmemoracións, desenvóléronse as seguintes actividades:

- x Magostín
- x Nadal
- x Entroido
- x Día da árbore
- x Participación no XXIV Certame de Poesía e Imaxe
- x Visionado da obra de teatro *H2... oh!* dentro de Teatro con G, do grupo de teatro Ghazafellos
- x Visionado das películas *Meigallos* e a *Illa das Mentiras* dentro Ciclo de cine en Galego
- x Participación no Correlingua
- x Participación en Ferrol de Flores cuberto

Cabe destacar que todas estas actividades foron levadas a cabo en colaboración co Equipo da Biblioteca.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Manter reunións periódicas do equipo para poder facilitar todo o traballo que se leva a cabo.
- Manter a coordinación co Equipo de Biblioteca para o desenvolvemento das distintas actividades do centro.

9.3 TICS

Os **obxectivos xerais** do presente curso escolar reflectidos no Proxecto TIC de centro, os cales se especifican a continuación, foron desenvolvidos adecuadamente polo Equipo TIC e a súa coordinadora dentro dos tempos acordados. Os resultados dos mesmos foron, salvando algunha excepción, os agardados. As propostas de mellora ou os obxectivos que non se acadaron por diversas razóns sentarán as bases para establecer a liña de intervención TIC do vindeiro curso.

A continuación, especificase os **principais obxectivos** desenvolvidos así como as distintas **accións** levadas a cabo para a súa consecución que serven para avaliar os mesmos:

- Continuación e actualización do **Plan Dixital** de centro segundo as directrices que estableza a Consellería de Cultura, Educación e Universidade: *elaboración adecuada, paso a paso do Plan Dixital de centro completando as accións adecuadas dentro dos tempos requiridos e tendo unha participación do profesorado satisfactoria.*
- Dotar ao centro da **infraestrutura necesaria** para desenvolver a competencia dixital de maneira adecuada: *revisión e actualización dos equipos por parte da empresa informática. Realización dun inventario dos equipos que nos permita actualizar a información neste senso e determinar o estado dos mesmos e dotación ao centro por parte da Consellería de pizarras dixitais interactivas (PDI).*

- Fomentar no profesorado e alumnado a **competencia dixital** necesaria para acadar novas metas e obxectivos, en especial no caso dunha situación de ensinanza mixta: *creación dun Grupo de Traballo TIC baseado no fomento do uso das tabletas de centro nas aulas e na biblioteca (cribado de apps para educación especial, realización dun dossier de apps, instalación e categorización das apps nas tabletas, etc.).*
- Actualizar e fomentar o uso dos **espazos virtuais do centro** (aula virtual e páxina web, entre outros): *actualización da páxina web do centro (aulas e matriculado de profesorado de nova incorporación, dotación de claves, etc.).*
- **Potenciar o uso das TIC** como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza e aprendizaxe entre alumnado e profesorado e como mellora da calidade educativa: *acadado en parte a través do grupo de traballo TIC. Continuación o vindeiro curso escolar.*
- **Detectar as necesidades TIC** do centro para realizar propostas de mellora: *continuar o vindeiro curso para mellorar o emprego das PDI instaladas este curso escolar.*
- **Divulgar a través da páxina web**, na medida do posíbel, as actividades e proxectos realizados no centro. *Actualización regular da páxina web de centro por parte da coordinadora TIC e o equipo directivo.*
- Establecer, a través das TIC, **canles de comunicación** efectivos coa comunidade educativa, en especial coas familias e/ou titores legais. Este *obxectivo estaría parcialmente acadado debido a que este foi o primeiro curso no que se emprega o Abalarmobil no noso centro. Comezouse a empregar con moitas familias, pero algunhas aínda continúan mantendo comunicación co profesorado como se facía outros anos (correos electrónicos ou chamadas telefónicas regulares).*

A modo de resumo, os obxectivos xerais propostos no Proxecto TIC 23 – 24 foron acadados xa que se levaron a cabo dentro dos prazos establecidos e con éxito as accións relacionadas cos mesmos, tales como: actualización do Plan Dixital; actualización de espazos virtuais (páxina web de centro); continuación co grupo de traballo TIC que potencia a competencia docente TIC a través do uso das tabletas, entre outros; e por último, destacar que ao longo deste curso comezouse a empregar a app AbalarMobil para estar en contacto coas familias. De cara ao vindeiro curso escolar 2024 – 2025 traballarase na mesma liña de acción TIC xa que é esencial tentar manter unha continuidade.

9.4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

As actividades extraescolares foron levadas a cabo pola ANPA en colaboración co Concello de Ferrol. Resultaron de balde para todo aquel alumnado que quixera apuntarse porque houbo un atraso no seu comenzo, sendo este en febreiro e rematando en maio. Realizáronse os martes e xoves en horario de 16:00 a 17:00 horas e participaron un total de 20 alumnos, divididos na *actividade de psicomotricidade estimulación multisensorial* e na *actividade física, sensorial, cociña e cine*.

A ANPA tamén colaborou co centro na Xornada de Convivencia realizada ao final de curso.

Dentro das actividades complementarias que se levaron a cabo ao longo de todo este curso destacamos:

- x 11 OUTUBRO – AFUNDACIÓN IGUALARTE (MÚSICA A FLOR DA PEL) - PERCUTERAPIA da man de PEDRO CAMPOS.
- x 15 FEBREIRO – TEATRO JOFRE dentro do Ciclo de Cine *En Galego, de película*
- x 5 MARZO – A MAGA FANI
- x 8 MARZO – “HUGO” obra de teatro en AFUNDACIÓN
- x 24 ABRIL - Teatro Jofre, para ver a representación teatral *H2... Oh!!!*, de María Canosa e os Ghazafellos.
- x 26 ABRIL – “PINGÜIN” obra de teatro en AFUNDACIÓN
- x 22 MAIO – Visita ao supermercado EROSKI
- x 6 XUÑO – Veu visitarnos o coro do CEIP Ponte de Xuvia

- x 12 XUÑO - Excursión á *Fraga Máxica de San Sadurniño*

9.5 PFPP

Ao longo deste curso realizaranse distintos itinerarios dentro do Programa de Formación Permanente do Profesorado. Estes itinerarios aparecen reflectidos no **ANEXO 1** desta memoria.

10. MEMORIA DOS PROXECTOS

10.1 PROGRAMA VOZ NATURA

O CEE Terra de Ferrol continúa coas actividades do Proxecto Voz Natura, destacando as seguintes:

- Establecemento e coidado da horta ecolóxica do centro, principalmente co alumnado do Programa de Formación Básica de Xardinería e Viveirismo
- Recollida de plástico da contorna do centro, parques e praia de Caranza en Ferrol.
- Xestión dos residuos das áreas verdes (herba, polas...) e cociña do centro, para a elaboración de Compost
- Cría de galiñas para obter ovos e esterco delas (alimento para as miñocas)
- Cría de miñocas para obter fertilizante e poder nutrirse
- Liberación de insectos beneficiosos na horta ecolóxica do centro
- Durante todo o curso de cada ano, aplicamos as 7R que son as siglas de: redeseñar, reducir, reutilizar, reparar, renovar, recuperar e reciclar.
- Finalmente, traballamos coa "Economía Circular", temos un modelo de produción e consumo responsable máis sostible, no que as materias primas se manteñen máis tempo nos ciclos produtivos e poden ser utilizadas de forma recorrente, intentando así xerar moito menos residuos.

Tamén neste curso 2023 a 2024, traballamos con 2 proxectos máis:

- x Cosmética natural con plantas medicinais do noso horto escolar (CIFP A Leixa – Ferrol – A Coruña).
- x Especies autóctonas galegas en Xardinería e Viveirismo (CPI Alcalde Xosé Pichel – Coristanco – A Coruña).

PROPOSTAS DE MELLORA

- Continuar co traballo de concienciación ambiental do alumnado realizado nos últimos anos polo CEE Terra de Ferrol

10.2 PROGRAMA CP – INCLÚE, LIÑA EMOCIONA -T

A memoria deste programa aparece reflectida no **ANEXO 2** desta memoria.

10.3 PROGRAMA CP – INNOVA, LIÑA EDU – SAÚDE

Partindo da realidade dos nosos alumnos e alumnas, sendo conscientes das súas limitacións e características, e coa intención de incrementar a súa calidade de vida e unha mellor integración na súa contorna, tanto nun plano físico como emocional, desenvolvimos ó longo do curso o proxecto de **EDUSaúde.O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.**

Os obxectivos marcados foron:

- Fomentar a actividade física-deportiva, potenciar e consolidar hábitos saudables non sedentarios e que os poidan levar a súa vida diaria.
- Continuar co calendario de merendas saudables para fomentar hábitos de alimentación saudable tanto entre alumnado como nas familias.
- Utilizar a aula virtual e web para propoñer aos pais actividades e xogos en familia que fomenten hábitos saudables no seu tempo de lecer.
- Propoñer menús saudables elaborados na cociña do centro.

Podemos afirmar que todas as actividades e iniciativas formuladas foron realizadas con éxito, con implicación por parte de toda a comunidade educativa e tendo sempre presentes as limitacións e características dos nosos alumnos e alumnas.

Está en fase de desenvolvemento e expansión a web do centro, que continuará en cursos posteriores.

As principais actividades foron:

1º TRIMESTRE

- x Instaurar menús saudables adaptados as diferentes estacións
- x Acordo co Racing de Ferrol para asistir aos partidos que xogan como locais mais unha visita dos xogadores o noso centro
- x Iniciar a dinamización dos recreos

2º TRIMESTRE

- x OLIMPIATERRA: centrar o entroido en diferentes modalidades deportivas
- x Dúas xornadas de convivencia co CIFP Rodolfo Ucha de Ferrol

3º TRIMESTRE

- x Visitamos un súper para aprender sobre alimentación saudable
- x Terapia canina
- x Excursión á Fraga Máxica de San Sadurniño

Todas as actividades implican a participación activa tanto de docentes, coidadores, educadores, e demais axentes implicados, dadas as características dos nosos alumnos e alumnas.

Todo o persoal é plenamente consciente da súa necesaria implicación e participación para o correcto desenvolvemento das actividades.

Dadas as características especiais dos alumnos/as, calquera alteración das rutinas diarias implican unha importante mobilización de recursos tanto humanos como materiais, ademais algunha das actividades implicou saír do centro polo que tivemos que coordinar transportes adaptados.

A maioría das familias tamén son plenamente conscientes da importancia de incorporar no día a día hábitos e estilos de vida saudables.

O Proxecto deberá ter continuidade no tempo para interiorizar os beneficios na rutina diaria dos alumnos. loitar contra o sedentarismo, fomentar a práctica deportiva e unha alimentación saudable ten que ser unha prioridade e unha liña a seguir no futuro.

A totalidade dos alumnos participaron nas actividades propostas.

11. MEMORIAS DOS EQUIPOS MULTIDISCIPLINARES

11.1 DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA

O C.E.E. Terra de Ferrol é un centro específico que parte dos principios de inclusión, integración e normalización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, consecuencia dun principio natural de realidade social: a diversidade. Conta cun grupo de alumnado moi heteroxénero, cunhas necesidades tan específicas coma diversas, con diferentes graos de afectación e unha gran variabilidade de realidades personais.

O principal obxectivo foi atender e fomentar o desenvolvemento psicolóxico dos alumnos e alumnas ó longo do curso escolar, así como das súas familias, atendendo a vulnerabilidade do alumno do centro.

Dende esta perspectiva, o traballo do departamento de psicología implicou **dous grandes obxectivos:**

- Achegar unha análise psicolóxico de diversas situacións, a avaliación, para previr e diagnosticar ,
- Propoñer e levar a cabo plans de accións que responden os análises realizados, a intervención, de carácter individual, grupal (mediante programas preventivos e de desenvolvemento, especificamente, Internet Segura, Tecnoloxías da Comunicación e Información, Emocións, Obradoiro de Empatía), familiar (tratamentos de primeiro nivel) ou ben a derivación e coordinación do caso con profesionais da saúde mental ou a outros servizos especializados da rede social de intervencións existentes.

As **actividades do departamento** centráronse nas seguintes accións:

- Atender situacións individuais do alumnado, permitíndolle a integración da aula e da convivencia no internado.
- Orientar en educación afectiva-sexual a alumnos con esa necesidade.
- Apoiar o alumno co fin de reforzar a súa estabilidade emocional.
- Fomentar a adquisición de habilidades sociais e a súa independencia cara a vida adulta.

- Apoio ás familias.
- Facer a valoración inicial, manter actualizados os expedientes e a documentación.
- Participar nas reunións interdisciplinares consultivas pertinentes, de apoio e seguimento.

O departamento de psicoloxía, cos axentes de sistema educativo, Orientación, Dirección, profesores, nais e pais, levou a cabo asesoramento, información e colaboración como actividades máis importantes. En sínteses, o departamento de psicoloxía intentou contribuír , na medida posible, á necesidade de conxugar a escola cada vez máis competitiva e a escola integradora que fomenta a inclusión e o desenvolvemento integral de todos os alumnos, á necesidade de traballar en equipo, e a necesidade de construír un espazo para escoitar e atender ó alumno, ós pais e profesores.

11.2 DEPARTAMENTO DE ENFERMERÍA

O noso traballo estivo principalmente dirixido a promover e mellorar a saúde das alumnas/os mediante o seguinte:

1) Actualización das historias clínicas: Solicitouse ás familias que achegaran informes médicos sobre novas enfermidades, alerxias ou intolerancias acontecidas no verán e durante todo o curso escolar. Calendario das vacinas, tratamentos farmacolóxicos e tarxetas sanitarias actualizadas. Entrevistouse a 8 familias dos novos ingresos e tramitáronse 11 baixas do alumnado deste curso.

2) Control de constantes, peso, talla e cálculo de índice de masa corporal: Isto permitiunos axustar dietas tanto no comedor do colexio como proporcionar recomendacións nutricionais aos pais segundo o índice de masa corporal. Comunicado sempre ás familias, encargada de comedor e gobernante.

3) Inmunización: Vacinación da gripe a 42 alumnos (internos e externos) e 43 traballadores. Revisión de todos os calendarios de vacinas e recordatorio ás familias das vacinas pendentes no calendario.

4) Controis de saúde: Análises, monitorizacións, revisións no pediatra, inmunizacións do calendario de vacinas, revisións odontolóxicas e consultas de psiquiatría de certos alumnos.

5) Coordinación cos centros de referencia onde residen os alumnos tutelados, para a xestión das consultas médicas pendentes, medicación e outros controis de saúde.

6) Comunicación cos médicos dos alumnos tutelados e non tutelados sobre temas de saúde puntuais acontecidos no colexio, seguimento de curas, revisión de medicación e para promover, controlar e coordinar o cumprimento do calendario de vacinas.

7) Comunicación continua coas familias solicitando medicación, problemas de saúde durante a súa estancia no colexio, promoción de estilos de vida saudable, autocoidado, alimentación e exercicio físico.

8) Actualización do programa de Alerta escolar: Informouse ás familias do alumnado de novo ingreso sobre o programa e procedeuse, previa autorización delas, a solicitar a inclusión de 1 alumno que finalmente non foi aceptado no programa por non cumprir os criterios de admisión.

9) Identificación dos alumnos que non pertencen ao réxime da seguridade social: Rexistrar o seu seguro sanitario e informar aos departamentos correspondentes.

10) Colaboración cos departamentos:

- Orientador: comunicación sobre patoloxías, dificultades do alumnado e familias. Comunicación de incidencias coas familias, reforzo.
- Fisioterapia; comunicación de informes aportados polas familias sobre temas do seu interese.
- Encargada de comedor e Gobernante: informes de dietas, alerxias e intolerancias.
- Dirección /Xefa de estudos: comunicación de alerxias e intolerancias, consultas médicas dos alumnos.
- Educadores: estado de saúde dos nenos, comportamentos, incidencias e familias.

11) Na nosa labor diaria inclúense: preparación e administración de medicación, curas, inxectables pautados polo médico, constantes en alumnos cardiópatas (cada 15 días), atención aos problemas de saúde, comunicación cos distintos departamentos/familias...

Dende o departamento de enfermería transmitir para o PLAN DE MELLORA a necesidade de mercar una vitrina onde depositar **só a medicación de urxencia vital** que hai que administrar a 3 alumnos deste centro. En caso de ausencia de todo o persoal sanitario elaboramos un protocolo de actuación para que o persoal do centro non sanitario poda acceder e administrar esa medicación. Debería estar recollido nas normas de réxime interno do cole para o próximo curso 2024/2025.

11.3 DEPARTAMENTO DE FISIOTERAPIA

Durante o curso 2023- 2024 o noso departamento continuou co protocolo de actuación específico para a nosa actividade trala Covid 19, xa que somos unha actividade sanitaria dentro dun centro de educación especial. O protocolo inclúe as directrices dadas pola Consellería en canto a estratexias de actuación, e as dadas polo Consello Xeral de Fisioterapeutas de España e o Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia para a nosa actividade.

Polo tanto seguimos a extremar as precaucións na ocupación de espazos, nas labores de desinfección de todo a material empregado con cada alumno/a e a ventilación das salas de fisioterapia, xa que o alumnado que acude a fisioterapia ten moitas veces graves problemas respiratorios.

Deste xeito puidemos desempeñar as nosas funcións coma todos os cursos escolares. No presente curso asistiron a fisioterapia 29 alumnos/as de forma regular cunha pauta de tratamento específica para as súas patoloxías motóricas e neurolóxicas crónicas, e a 2 alumnos/as con patoloxías traumatolóxicas temporais.

11.4 INTERNADO

CARACTERÍSTICAS DO RÉXIME DE INTERNADO

O internado do C.E.E Terra de Ferrol está orientado á atención diúrna e nocturna do alumnado con necesidades educativas especiais. Estes alumnos/as necesitan dun servizo de internado para asistir diariamente ó centro, debido a que o seu domicilio atópase lonxe ou que, por circunstancias familiares e sociais, requiren dun réxime de internado complementario á súa escolarización.

O Internado desenvolve a súa actividade de luns a venres ao longo do curso escolar permanecendo pechado as fins de semana, os períodos de Nadal, Entroido, Semana Santa, así como os días non lectivos e festivos, seguindo o calendario escolar establecido pola Consellería de Educación.

No curso 2023-2024 tivemos no Internado un total de 21 internos/as dos cales 3 incorporáronse este curso. Tres dos internos están tutelados por menores .

Sinalar que houbo 1 baixa dunha alumna do internado pola incorporación a un centro residencial. Unha alumna non se incorporou ó internado durante todo o curso.

A vida diaria organizouse tendo presente as características propias dun réxime de internado seguindo o seu regulamento de réxime interno e cunha estrutura organizativa, funcionamento e programación acorde coa normativa vixente da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

RECURSOS HUMANOS

O internado conta con servizo de limpeza e roupeiro, servizo de cociña , servizo de enfermería e vixiante de seguridade.

A atención directa co alumnado interno lévana a cabo 4 educadores, 17 coidadores diúrnos repartidos por quendas (dúas de mañá e unha de tarde) e 5 coidadores nocturnos. Estes son os encargados de promover as condicións psicoeducativas adecuadas para favorecer a autonomía persoal e social do alumnado interno, a mellora das destrezas en habilidades sociais, a competencia psicosocial e actividades da vida diaria co fin de acadar a adaptación dos nenos/as as normas do centro e en xeral eliminar as condutas desadaptativas para acadar unha mellor integración social.

RECURSOS MATERIAIS

- Os propios do internado para a realización das actividades: patios, sala de día, sala de xuntas, sala de educadoras, salas de informática, sala da TV, biblioteca, patios...
- Presuposto para actividades da tarde

ACTIVIDADES SEMANAIS

Ao longo do curso os nenos/as acoden a diversas actividades planificadas no internado (dentro ou fora do recinto). Os alumnos/as internos participaron nas actividades extraescolares do colexio os martes e os xoves. Un alumno continuou asistindo dous días á semana á actividade de tenis de mesa que organiza o Club Narón de tenis de mesa que ten lugar no local social "A Solaina". Este curso un grupo de 7 alumnos internos apuntáronse no equipo de baloncesto da escola inclusiva UNI2.

En xeral as activades que se desenvolveron no internado foron as seguintes:

- x Informática
- x Videoxogos na Biblioteca
- x Manualidades
- x Realización dos disfraces de Entroido, e as decoracións de Nadal, Samaín, Entroido, primavera e verán.
- x Saídas para mercar roupa
- x Horta educativa
- x Actividades no taller de educadores/as
- x Festas de aniversarios dos/as alumnos/as
- x Recollida premios "Imaxe e poesía"
- x Actuación no festival do CAPD Souto de Leixa na Sede Afundación Ferrol.
- x Saídas educativas no entorno máis próximo ao centro e polos arredores visitando: Ferrol, Ares, San Sadurniño, Valdoviño, Doniños, San Felipe, Cabanas e Neda
- x Visita á exposición de Playmobil no Arsenal de Ferrol
- x Saída de fin de curso ó Aquarium Finisterrae na Coruña
- x Visualización de películas
- x Actividades da vida diaria
- x Actividades deportivas: baloncesto no Uni2 (Baxi Ferrol) e actividade de Ping-pong no local social da Solaina
- x Actividades extraescolares (todos o martes e xoves)

12. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA

As dotacións económicas procedentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso escolar 2023/2024 foron de **203.905,41€**.

En concreto, **134.007,77€** foron para gastos de **funcionamento**; **56.621,64€** para **gastos do comedor escolar**; **8.325,00€** para gastos para a **adquisición de material específico** para a atención do alumnado con NEAE; **313,00€** para **fomento do uso de galego**; **308,00€** para a visita de difusión de centros do **Galiciaskills 2023**; **700,00€** destinados ao **CPINNOVA**; **700,00€** destinados ao **CPINCLÚE**; e **2.930,00€** destinados ao **PLAMBE**.

En relación aos principais gastos do centro, estes pódense dividir en:

1. Arrendamentos: principalmente de empresas de arrendo informático.
2. Reparacións, mantemento e conservación.
3. Material de oficina.
4. Subministracións: dita partida supón a maioría dos gastos, entre os cales se atopan: gasóleo, gas, electricidade, auga, limpeza, lavandería e costura, uniformidade, enfermería, internado, actividade docente...
5. Comunicacións.
6. Transporte.
7. Traballos realizados por outras empresas: revisión de caldeira, inspección de elevadores, monitores do vaso terapéutico e das actividades extraescolares, control de pragas, analíticas de lexionela, revisión do sistema contraincendios, do plan de autoprotección...
8. Primas de seguro.
9. Tributos.
10. Axudas de custo e locomoción.
11. Gastos diversos: excursións, actuacións...
12. Mobiliario e utensilios inventariables.
13. Outros materiais inventariables.
14. Comedor escolar.

A xestión do orzamento do centro, contempla en primeiro lugar e prioriza sempre as necesidades de orzamento e de gasto para o funcionamento xeral do mesmo (luz, auga, gas, limpeza...). En relación a isto, o funcionamento do vaso terapéutico supón un importante gasto adicional para asumilo durante todo o curso escolar. Porén, se os custes da enerxía se manteñen, para o vindeiro curso podería ser viable poñer en funcionamento o vaso terapéutico durante un período similar ao presente curso escolar.

13. RECURSOS, ESPAZOS E INSTALACIÓNS

Ao longo deste curso escolar realizamos unha melloras con respecto as instalacións do centro ou compra de material necesario para desenvolver o día a día nos distintos departamentos que conforman este centro educativo. Entre estas melloras destacamos:

- A adecuación do servizo do corredor D dereita. Esperamos que a Consellería se siga facendo cargo destes amaños xa que quedan mais servizos que necesitan ser reparados.
- Reparación da caldeira posto que na parte do internado presentaba moitas deficiencias, quedando por varias veces o alumnado sen calefacción.
- Compra de colchóns para o internado.
- Posta en marcha do vaso terapéutico por motivo da súa regularización.
- Compra de un conxelador para a cociña.
- Compra dunha destrutora de papel para o departamento administrativo.
- Melloras no armario Rack para a conexión a internet.
- Adecuación a Aula Maker.
- Informe á Consellería con respecto as deficiencias das ventás, teitos, canlóns,...

14. ANEXOS

Anexo 1 – Memoria da PFPP

Anexo 2 – Memoria CP Incluíe. Emociona -T

Memoria final PFPP. Terra de Ferrol 23-24

ITINERARIOS

Polos creativos. Competencia didáctica.

O que fixemos:

- Implementación de Polos Creativos no centro educativo. Presentación de kits singulares.
- Reto Polo creativo.
- Formación do profesorado: e-téxiles wareables e utilización de impresora 3D.
- Presentación Polos Creativos:
https://www.canva.com/design/DAGFfyGz56M/5gFCP5jg_YRxliKY9d9zSA/edit

O que nos queda por facer:

- Finalizar o reto de Polo Creativo.

Recursos Tic. Actualización da páxina web do centro. Competencia dixital.

O que fixemos:

- Formación do profesorado. Drupal: administración da páxina web do centro. Subida de contidos e actividades na páxina web.
- Actualizar a páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceeterraferrol/>

O que nos queda por facer:

- Mantemento da páxina ao longo do curso, dinamizar o contido e dar visibilidade as diferentes actividades realizadas no centro educativo, é dicir, continuar co traballo realizado.

Internacionalización. Competencia comunicativa.

O que fixemos:

- Desenvolver as actividades de difusión do aprendido e/ou observado nas mobilidades.

O que queda por facer:

- Continuar coa difusión do proxecto Erasmus+, participar nalgunha mobilidade para a ampliación do coñecemento do persoal docente e o alumnado doutros países.

Ambientes de aprendizaxe. Competencia en educación inclusiva e coeducación.

O que fixemos:

- Modificar e mellorar espazos no centro educativo para o alumnado; aula maker.
- Instalación de pictogramas ARASAAC nos diferentes espazos do centro educativo.

O que nos queda por facer:

- Continuar coa mellora da aula maker, para o desenvolvemento de actividades co alumnado.

O PROXECTO

A través do plan de formación permanente do profesorado tratamos de mellorar a xestión e organización de recursos e espazos do centro, tanto os empregados no tempo de traballo como de lecer do alumnado, impulsar a competencia dixital do profesorado para o desenvolvemento da súa práctica docente, contribuír na mellora do clima escolar e de convivencia na aula e no centro ademais de potenciar a mellora da calidade educativa e a innovación metodolóxica no centro educativo.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Adquirir e aplicar competencias TIC para a elaboración de recursos dixitais e a súa divulgación na páxina web do centro.
- Favorecer a mellora da calidade educativa e a innovación metodolóxica do centro.

MODALIDADE E PARTICIPACIÓN:

No plan de formación participaron un total de 20 docentes. As actividades “Administración da páxina web do centro”, formación para Polos Creativos “Utilización impresora 3D” e “E-textiles e wareables”, “Ambientes de aprendizaxe” (aula maker) consistiron en seminarios os dous primeiros de 20 horas de duración e o último de 30 horas de duración. Por outra banda se realizaron as actividades de “Internacionalización do centro” e a continuación do “Plan dixital”.

CONCLUSIÓNS

As tarefas realizadas contribuíron ao logro dos obxectivos que se estableceron nun primeiro momento. Grazas ao traballo realizado se dinamizaron ambientes de

aprendizaxe (aula maker), se actualizou a páxina web do centro, na que seguiremos traballando ao longo do próximo curso e seguindo co Plan dixital, lanzamos un reto de Polo Creativo no que seguiremos traballando xunto ao alumnado.

PROPOSTAS DE MELLORA

Continuar coa dinámica empregada, seguir fomentando a participación activa do conxunto do profesorado e priorizar a formación funcional para as necesidades do noso centro educativo.

Partindo da realidade dos nosos alumnos/as e sendo conscientes das súas limitacións e características, pretendeuse que este proxecto fose un apoio constante tanto a nivel emocional como afectivo para o noso alumnado polas dificultades que presentan. Tamén, tiña como finalidade coñecer e xestionar as súas emocións e as dos demais para así beneficiar o seu desenvolvemento integral. Por estes motivos, desenvolvemos ao longo do curso o proxecto de CPIInclúe.

Os obxectivos marcados foron:

- Favorecer o desenvolvemento do autoconhecimento físico, emocional e mental dos alumnos/as.
- Coñecer as emocións, os seus efectos e como xestionalas.
- Construír un autoconcepto axustado e unha autoestima positiva.
- Gañar confianza e seguridade persoal.
- Favorecer as relacións interpersoais e xerar vínculos positivos.

As actividades que se realizaron ao longo do presente curso foron as seguintes:

- **DISTINTAS BOLBORETAS PERO CO MESMO DEREITO** : aproveitando o día mundial da discapacidade, realizamos de maneira conxunta para todo o centro unha actividade que constaba de dúas partes: a primeira, coa lectura do libro de “Balobo” que trataba sobre un mono que tiña problemas físicos e como a pesares disto, salvou ao seu grupo; a segunda, a decoración dun mural coas bolboretas de cada un dos alumnos/as, coidadores e mestres do centro que previamente decoráranse nas aulas.



- **TERAPIA ASISTIDA CON CANS** : ao longo do mes de maio e cunha periodicidade dunha sesión semanal cada aula, realizamos terapia coa asociación Canquerer. Con esta actividade, traballáronse cos alumnos/as a desenvolvemento multisensorial, o control dos impulsos, o fomento de actitudes de empatía e sentimentos positivos.



- **Obra de teatro “Que te burlen no te define a ti”** : aproveitando o día contra o acoso escolar, o alumnado de FP do centro preparou unha obra de teatro que representou para todo o alumnado do centro.



Todas as actividades que se realizaron contaron coa implicación e participación por parte de todo o profesorado, dos coidadores, educadores e máis axentes implicados.

O proxecto deberá ter continuidade no tempo para interiorizar e seguir traballando neste tema para que sexa beneficioso na vida diaria dos nosos alumnos/as.

O presente documento foi lido e aprobado, segundo figura nas actas de secretaría, por unanimidade no Claustro e no Consello Escolar o Venres, 28 de xuño do 2024.

Ferrol, 28 de xuño do 2024

VºBº

O Director

A secretaria



Asdo. José Carlos Pena Bellón

Asdo: Paula García Encinas